



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 212
16 de novembro de 2017

Fascículo 1



3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 15 de novembro de 2017, pola que se nomean os membros do tribunal cualificador das probas selectivas para a provisión, por promoción interna, dunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia

De conformidade co disposto no punto 5 das bases que rexen a convocatoria dun proceso selectivo para o ingreso por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, aprobadas por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do de 1 de agosto de 2017,

RESOLVO:

Nomear membros do tribunal cualificador das probas selectivas para a provisión da devandita praza as persoas que figuran a continuación:

Tribunal titular:

Presidente: Xosé Antón Sarmiento Méndez

Secretario: F. Javier Freire González

Vogal 1: María Rosa Buceta López

Vogal 2: María Aneiros González

Vogal 3: Carlos Díaz Abraira

Tribunal suplente:

Presidenta: Raquel Rodríguez Carro

Secretario: Martín Nercellas Méndez

Vogal 1: Menchu Sánchez González

Vogal 2: Pedro Vila López

Vogal 3: Rita Blanco Vázquez

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2017

Miguel Angel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 15 novembro de 2017, pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ás probas selectivas para o ingreso por promoción interna dunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia e o lugar, data e hora do primeiro exercicio

De conformidade coas medidas de planificación dos recursos humanos para o ano 2017 adoptadas pola Mesa do Parlamento de Galicia, conforme o acordo da Mesa de negociación do 3 de xullo de 2017, entre as que se inclúe unha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, a Mesa

do Parlamento acordou, con data de 1 de agosto de 2017, a convocatoria deste posto mediante promoción interna, ao abeiro do disposto nos artigos 30.1.2 e 60.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia e 16 do seu Estatuto de persoal.

RESOLVO:

1º. Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos no referido proceso selectivo.

— Admitidos:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	Fernández Andrade	Manuel	76507419N
2	Lorenzo Santalucía	María Irene	34952651B
3	Estévez Adán	Hixinio	34914988E

— Excluídos: ningún

2º. A primeira proba do primeiro exercicio, consistente en responder un cuestionario de cincuenta preguntas tipo test, realizarase o venres 12 de xaneiro ás 11 horas, na sala F da planta baixa do edificio do Parlamento.

3º. Ordenar a publicación desta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Parlamento no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento*, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela 15 de novembro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente